

ESCENA

Na Culturgal 2020, a Escena é ben variada pensando en músicas para toda a familia: desde o espírito punk até o ritmo de big band pasando polo jazz e os nomes máis coñecidos do folk, sen esquecer á cativada! Dous días de música ao vivo, sábado 28 e domingo 29 de novembro, no Auditorio do Pazo da Cultura de Pontevedra que chegan a túa casa moi ben empacutados cun son e realización que te van enganchar. A actriz Diana Sieira encargárase de ir presentándoo.

En caso de emerxencia, música

Unha programación ao vivo que podes seguir na túa casa a través de cultur.gal

SÁBADO 28 DE NOVEMBRO

12:30 h > Xingro's Big Band. Co Concello de Pontevedra

Unha agrupación que nace da necesidade de achegar a música moderna ao público, guiada polo director e compositor Jose Pérez.

16:30 h > The Rebel Spirits

Estudo Bonobo. A banda punk-rock xuvenil dá idea da forza da canteira musical na contorna de Pontevedra saída da escola musical do Estudo Bonobo. *The Rebel Spirits* son Andrea, guitarra, Raisha, baixo, Andrea, guitarra e Soraya, batería.


18:30 h > Desconfinarnos con Susana Seivane e Cas Berlai

Susana Seivane: Concertos do desconfinamento. Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021. Xunta de Galicia. Susana Seivane comezou a tocar a gaita no balcón da súa casa durante o confinamento para animar os seus veciños.

Cas Berlai. Seispés Producións Creativas. Este disco nace no confinamento vivido na casa de Xiao Somoza (Xiao Berlai). Con Xiao Somoza Rodríguez, guitarra e voz, Bruno Couceiro, batería, Pablo Sanmamed, contrabaixo, e Iago Mourinho, piano.

20:30 h > Luar na Lubre en concerto. Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021. Xunta de Galicia

Desde 1986 enriba dos escenarios, Luar na Lubre traen a Culturgal o seu último traballo *Vieiras e vieiros*, historias de peregrinos, un álbum que visualiza a pegada artística, cultural e natural do Camiño de Santiago a través das historias dos seus camiñantes.



DOMINGO 29 DE NOVIEMBRE

**12 h > Sonárbore para toda a familia:
«Ramona Órbita. A dona do tempo»
con Pakolas e «Lingua Guapa. Cantos
que contan» de Fina Casalderrey**

Ramona Órbita. A dona do tempo. Pakolas. Colección Sonárbore Editorial Galaxia. A xira do segundo libro disco de Pakolas (Paco Cerdeira) en solitario chega a Culturgal con Ramona Órbita e a súa máquina cargada de rock and roll, disposta a percorrer os tempos para aprender a protexer a natureza. Especialmente dirixido a rapazada entre 3 e 5 anos.

Lingua guapa. Cantos que contan. Fina Casalderrey. Colección Sonárbore Editorial Galaxia. Unha das autoras máis recoñecidas da nosa literatura, fálanos dunha lingua moi longa con quilómetros de historia e que leva palabras de azucre que aturuxan na memoria. A música que nos fai viaxar polo mundo é de Nestor Blanco.

16 h > Central Folque presenta...

Abellón. Xoán Xil e Mauro Sanín cunha actuación performática con zoadeiras e bramadeiras.

O feitizo de Maruja Roca. Con Eutropio Rodríguez comentando imaxes e Nieves Neira que fará unha performance literaria.


Bem vennas maio. Cos músicos Pablo Sanmamed (contrabaixo), Iago Mourinho (piano) e Chus Pazos (batería) e a colaboración de Alba Cid recitando un texto.

Fuliada na vila con Richi Casás, saxo e voz, e Fran G^a Galán, guitarra eléctrica. Composicións orixinais de Richi Casás e outros arranxos do autor sobre as melodías recollidas por Dorothe Schubarth na Vila da Igrexa en 1980: xotas, muiñeiras, cantos de Nadal...

18 h > Escalas singulares: Yago Vázquez Trío e DE BOTÓNS

Yago Vázquez Trío. O jazz chega ao escenario musical de Culturgal da man de Yago Vazquez, piano, Xurxo Estevez, baixo, e Chus Pazos, batería. O pianista vigués participou xa en máis dunha ducia de discos e compartiu escenario con músicos como Reggie Workman, Billy Harper, Joe Martin, David Schnitter, Jesse Davis, Gilad Hekselman, Ingrid Jensen ou Brad Shepik.

DE BOTÓNS. Mialma Producións. Pedro Pascual e Carlos Quintá propoñen un concerto no que interpretan pezas recollidas e arranxadas dentro do cancionero DE BOTÓNS,



un proxecto editorial ambicioso no que adaptan máis de cen cancións do repertorio popular galego para o acordeón diatónico. Así, escoitaremos en clave actual, desde maneos de Bergantiños a rumbas do Caurel; desde pezas do repertorio de violino de Florencio dos Vilares, a mazurcas dos Irmáns Moreira ou o xenuino repertorio histórico dos Dezas de Moneixas.

20 h > Os d'Abaixo. Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021

Os d'Abaixo fan 10 anos e ofrecen ao vivo un percorrido polas súas músicas máis destacadas. Apareceron no ano 2010 co obxectivo de promover e animar bailes e festas tradicionais na contorna de Compostela.

Auditorio
Pazo da Cultura de Pontevedra

ESCENA